

PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL

(PCPI)

Os programas de cualificación profesional inicial (PCPI) constitúen a alternativa que establece a Lei Orgánica de Educación (LOE) aos Programas de Garantía Social previstos na Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo (LOXSE).

OBXECTIVOS

- Ampliar competencias básicas que permitan continuar estudos.
 - Probas de acceso a ciclos medios de formación profesional.
 - Obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Conseguir unha cualificación profesional de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (CNCP).
- Acadar un certificado de profesionalidade.
- Conseguir unha inserción sociolaboral satisfactoria.

DESTINATARIOS

- Alumnado escolarizado:
 - Con dificultades de aprendizaxe que acepte o marco escolar e valore continuar a súa formación nun ámbito profesionalizador.
 - Que se atope en grave risco de abandono escolar.
- Alumnado desescolarizado:
 - Por abandono do sistema educativo.
 - Por proceder doutros países.
- Alumnado con necesidades educativas especiais.

REQUISITOS DE ACCESO

- Idade: con carácter xeral entre 16 e 19 anos, cumpridos no ano de inicio do PCPI.
- Académicos:
 - Poderá cursar programas de cualificación profesional inicial o alumnado que teña entre dezaseis e dezanove anos cumpridos dentro do ano de inicio do programa, que non obtivera o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e non tivera cursado con anterioridade outro programa de cualificación profesional inicial.
 - Excepcionalmente, o límite inferior de idade poderá reducirse a quince anos para o alumnado que tivera cursado segundo curso de ensinanza secundaria obrigatoria, que non estea en condicións de pasar a terceiro e que xa repetira unha vez na etapa.

CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS

OS programas de cualificación profesional inicial desenvolveranse cun mínimo de 6 alumnos ou alumnas, en programas das modalidades A e B sostidos con fondos públicos.

En modalidades C o número mínimo refírese aos módulos formativos de carácter xeral. O máximo de alumnado é doce, computando dobre o alumnado con necesidades educativas especiais.

A creación de grupos específicos para cursar módulos voluntarios ten un mínimo de 10 alumnos ou alumnas.

Con carácter excepcional, poderase autorizar de xeito expreso a impartición de programas sostidos con fondos públicos cun número inferior aos mínimos indicados.

ESTRUCTURA

Existen dous tipos de módulos:

- Módulos obrigatorios: divídense en,
 - Módulos específicos: desenvolverán as competencias do perfil profesional e incluírán, como mínimo, unha cualificación profesional completa do nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (CNCP).
 - Módulos formativos de carácter xeral: Pretenden contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas e favorecer a transición desde o sistema educativo ao mundo laboral. Dentro destes módulos estarían: O módulo de competencia comunicativa e dixital, o módulo de sociedade e cidadanía, o módulo científico-matemático e o módulo de iniciativa persoal e relacións laborais.
- Módulos voluntarios ou conducentes ao título de graduado en ESO: Organízanse en tres ámbitos de coñecemento: Comunicación, Social e Científico-Tecnolóxico. O currículo destes módulos será o establecido para o nivel 11 da educación secundaria para persoas adultas.

MODALIDADES OFERTADAS

- Modalidade A: Todos os módulos obrigatorios se imparten nun mesmo centro educativo, agás o de formación en centros de traballo.
- Modalidade B: Os módulos específicos impártense nun centro educativo, agás o de formación en centros de traballo, e os módulos formativos de carácter xeral impártense noutro.
- Modalidade C: Poderán participar as corporacións locais, as asociacións profesionais, as asociacións non gobernamentais e outras entidades empresariais e sindicais, baixo a coordinación e logo da autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dentro desta modalidade distinguimos:
 - Programas mixtos: Os módulos formativos de carácter xeral impártense en centros educativos, e os módulos específicos fóra deles.
 - Programas externos: Todos os módulos obrigatorios se imparten fóra dos centros educativos.

DISTRIBUCIÓN E CARGA HORARIA

- Duración: dous cursos académicos.
- Primeiro curso:
 - Impártense os módulos obrigatorios (específicos e de carácter xeral, conducentes a un certificado de profesionalidade.)
 - Carga horaria total: 900 horas (incluídas as 160 horas da FCT)
 - Horario semanal: 32 períodos lectivos (agás na FCT)
- Segundo curso:
 - Impártense os módulos voluntarios (conducentes ao título de graduado en ESO).
 - Carga horaria: respectarán a prevista para os módulos de nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (ESA).
 - Non se cursarán necesariamente no mesmo centro en que se cursara o primeiro curso.

OFERTA DE PROGRAMAS

Ver arquivo "Oferta PCPI 2010-2011 por provincia e concello.pdf"

LEXISLACIÓN:

Ver arquivo "PCPI (DOG 23 de maio de 2008).pdf"